


# Boletín Oficial



## DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA: EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL  
ADMINISTRACIÓN: Sección de Gestión de Recursos  
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 80 41 00

<http://bop.depontevedra.es>  
FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial  
Paseo Domingo Fontán, s/n  
Teléfono 986 87 34 00

Depósito Legal: PO-1-1958

VIERNES 9 AGOSTO

AÑO 2002 Núm. 152

## S U M A R I O

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA	Pág.
Portos de Galicia - Zona Sur.....	2
CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO .....	2

### ADMINISTRACIÓN LOCAL

<b>Provincial</b>	
Diputación Provincial .....	3
<b>Municipal</b>	
Pontevedra .....	3
Poio.....	4
O Rosal.....	5
Caldas de Reis .....	6
Rodeiro.....	7
<i>Mancomunidad do Salnés .....</i>	18

### ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

<b>Tribunal Superior de Justicia de Galicia</b>	
Secretaría de Gobierno .....	20
<b>Juzgados de Primera Instancia e Instrucción</b>	
De Vigo.....	20
De Marín .....	21
De Vilagarcía de Arousa .....	22
<b>Juzgado de Familia</b>	
De Vigo .....	24
<b>Juzgado de lo Contencioso-Administrativo</b>	
De Pontevedra .....	25
De Vigo.....	25
<b>Juzgados de lo Penal</b>	
De Vigo.....	26
<b>Juzgados de lo Social</b>	
De Pontevedra .....	26
De Vigo .....	27

### SECCIÓN NO OFICIAL

Nota - Anuncio.....	28
Edicto Notarial .....	28



**XUNTA DE GALICIA**  
**Consellería de Política Territorial,**  
**Obras Públicas e Vivenda**  
**PORTOS DE GALICIA**  
**ZONA SUR**

*Información pública*

D. Josefino Gondar Otero, veciño da Illa da Arousa, con domicilio na rúa Outeiro do Monte, D.N.I. 35.422.144-M, e actuando en calidade de Presidente da Asociación de Mexilloeiros Isleños "San Esteban", solicita unha concesión administrativa, para a ocupación dunha parcela no dominio público portuario, no porto de O Xufre (Illa de Arousa), con destino á "Construcción dun edificio destinado a sede social e oficiñas da Asociación". Dito edificio defínese no proxecto redactado polo Arquitecto don Xosé Martínez Costa, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o 11 de xuño de 2002.

O que se somete a información pública en cumprimento do disposto, na Lei 62/97, de 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 27/92, de 24 de novembro, de Puertos del Estado y de la Marina Mercante, para que as persoas e entidades interesadas, poidan presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas, para o que disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As devanditas reclamacións poderán presentalas nas oficinas da Zona Sur deste Ente Público Portos de Galicia, na rúa Benito Corbal, nº 37-3º, Pontevedra, onde así mesmo poderán examina-lo proxecto correspondente.

Pontevedra, a 30 de xullo de 2002.—O Xefe da Zona Sur de Portos de Galicia, Alfredo Alfonso Cauchaza. 5938-5925

---

**Consellería de Industria e Comercio**  
**DELEGACIÓN PROVINCIAL**  
**PONTEVEDRA**

*Resolución do 3 de xullo de 2002, da Delegación Provincial en Pontevedra, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen. (Número expediente: IN407A 2002/49-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

*Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.*

*Enderezo social: Trav. de Vigo, 204. 36207 Vigo.*

*Denominación: Retranqueo LMT Avenida de Lugo-Semáforo Montecelo 110.*

*Situación: Concello de Pontevedra.*

*Descripcións técnicas*

Retranqueo LMT, a 20 KV, de 50 m de lonxitude, con conductor tipo RHV, desde a Subestación Mourente ata a LMTS Monte Porreiro, na zona da Avenida de Lugo-semáforo de Montecelo 110, no Concello de Pontevedra.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II do R.D. 1955/2000, esta Delegación Provincial.

*Resolve:* Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 131 do R.D. 1955/2000, será de doce meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67, do 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Pontevedra, a 3 de xullo de 2002.—A Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 5710

---

*Resolución do 19 de xuño de 2002, da Delegación Provincial en Pontevedra, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen. (Número expediente: IN407A 2002/99-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

*Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.*

*Enderezo social: Trav. de Vigo, 204. 36207 Vigo.*

*Denominación: LMT, CT e RBT Forno da Cal.*

*Situación: Concello de Pontevedra.*

*Descripcións técnicas*

LMT, subterránea, a 20 KV, de 101 m de lonxitude, con conductor tipo RHZ, desde un apoio existente da LMT MUR 807-Marín I ata o CT que se proxecta nomeado Forno da Cal, no Concello de Pontevedra, de 160 KVA, relación de transformación 20 KV-380/220 V. RBT, subterránea de 34 m de lonxitude, con conductor tipo RV.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II do R.D. 1955/2000, esta Delegación Provincial.

*Resolve:* Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 131 do R.D. 1955/2000, será de doce meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67, do 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu derecho.

Pontevedra, a 19 de xuño de 2002.—A Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 5518

*Resolución do 19 de xuño de 2002, da Delegación Provincial en Pontevedra, pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen. (Número expediente: IN407A 2002/102-4).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

*Endereço social:* Trav de Vigo, 204, 36207 Vigo

Denominación: LMT Ánimas-Bouzas

Situación: Concello de Vigo.

### *Descripciones técnicas*

LMT, subterránea, a 15 KV, de 555 m de lonxitude, con conductor tipo RHV, desde a liña BAL 7.32, á altura do CR Bouzas, enlazando coa LMT existente o CT Alfageme 2, alimentando en bucle ó CT Exp. Pesqueiras e rematando no CT Galicia Mar. LMT, subterránea, a 15 KV, de 720 m de lonxitude, con conductor tipo RHV, desde o CR Coia, alimentando en bucle o CT Ánimas e rematando no CR Santo Domingo. Concello de Vigo.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II do R.D. 1955/2000, esta Delegación Provincial.

**Resolve:** Autorizar e aproba-lo proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en tódalas súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos mi-

nisterios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 131 do R.D. 1955/2000, será de doce meses a partir da recepción da presente resolución. A efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no Capítulo IV do D. 1775/67, do 22 de xullo.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu derecho.

Pontevedra, a 19 de xuño de 2002.—A Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 5519

# **Deputación Provincial**

## Corrección de errores

No Boletín Oficial da provincia de data 4 de xullo de 2002, nº 127, publicáronse as bases xerais e específicas que regulan os diversos procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes no cadre de persoal desta Excma. Deputación Provincial nas que omitiuse un requisito imprescindible para tomar parte no sistema de quenda restrinxida.

Neste sentido, o aveiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, na base cuarta 1) das bases xerais deberá engadirse o seguinte apartado:

“h) Na quenda restrinxida, os aspirantes terán que acreditar unha antigüidade de, polo menos, dous anos na escala á que pertenzan o día da finalización do prazo de presentación de solicitudes.”

Asimesmo, na páxina 6, base quinta, relativa as solicitudes, apartado 1), onde dí: “e, no seu caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados”, debe dicir: “e, no seu caso, da documentación acreditativa de méritos alegados, debidamente compulsada”.

Pontevedra, a 5 de agosto de 2002.—O Presidente, Manuel Abeledo López. 5998

## AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

*Anuncio da aprobación definitiva do estudio de detalle para a reordenación dos volumes edificables entre as rúas Condesa de Pardo Bazán, Arcebíspou Malvar e Xan Guillermo, formulado por "Promociones Inmobiliarias Ramírez, S.L."*

O Pleno da Corporación, en sesión de vintenove de xuño de dous mil dous, acordou desestima-las alegacións formuladas nas dúas fases de informa-

ción pública do presente estudio de detalle en base ós informes técnicos emitidos e resolucións favorables da Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo incorporados ó texto da presente, e se aceptan como motivación ó abeiro do establecido no art. 89.5 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común quedando acreditada a adaptación do estudio de detalle ó PXOU e catálogo de edificios a conservar en vigor así como á lexislación urbanística e de patrimonio cultural de aplicación sen altera-las condicións da ordenación dos predios colindantes nin ocasionar prexuízo.

Nese acto administrativo, se acordou aprobar, con carácter definitivo, o texto reformado do Estudio de Detalle formulado, mediante iniciativa particular, por "Promociones Inmobiliarias Ramírez, S.L.", coa finalidade de ordenar os volúmes edificables e medianeira entre as rúas Condesa de Pardo Bazán, Arcebispó Malvar e Xan Guillermo, definindo a actuación a realizar no devandito soar e nos números 3, 5 e 7 da rúa Xan Guillermo, redactado polo Arquitecto don Gustavo Pérez Alvarez, visado pola Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Pontevedra, en data 16/05/01, e plano nº 12 e folla nº 7 da memoria da mesma autoría e visado polo colexio oficial correspondente os días 20/05/02 e 22/05/02 que anulan e substitúen ós seus correlativos do proxecto, disponéndose o seu sometemento a información pública.

Así mesmo, se declararou que a compensación económica substitutiva do aproveitamento non patrimonializable, segundo as determinacións, do catálogo de edificacións a conservar en vigor, estea constituída pola cesión do local grafiado no plano 11A de data outubro do 1997, coas condicións e acabados reflectidos no informe do arquitecto da OXDU de 17/12/97, consonte os compromisos ós que se obrigou a entidade solicitante, cesión que se efectuará en pleno dominio, libre de cargas, gravamenos e mesmo arriendos, pasando a formar parte do patrimonio municipal e do seu inventario de bens, debéndose aprobar previamente polo Concello o alzado e distribución de ocos xuntamente coa licencia que no seu momento se solicite para construir no soar, debéndose elevar a escritura pública a cesión unha vez outorgada a licencia por conta da promotora, e sen prexuízo de que o Concello poida esixir fianza que garanta a entrega do local no momento de outorgar a licencia.

O que se fai público para a súa executividade, significándose que contra este acto, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente por quenes se consideran lexitimados o recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no plazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da disposición impugnada, consonte co es-

tablecido nos artigos 10-1-6) e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, regulamentadora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes con arreglo a Dereito, significándolle que o art. 107-3 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico, das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, de modificación da anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Pontevedra, a 23 de xullo de 2002.—O Alcalde, P.D., o Tte. Alcalde Delegado da ÁREA de Urbanismo e Medio Ambiente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 5922

\* \* \*

## P O I O

### A N U N C I O

Aprobado pola Comisión de Goberno deste Concello o prego de cláusulas administrativas que rexerán o concurso, con procedemento aberto, trámite ordinario, para a contratación das obras comprendidas no proxecto de "Saneamento e pavimentación Cmño. Cruceiro Vello (Arén) e Sta. Mariña-Renda (Xuviño)", exponse ó público durante o prazo de oito días contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP para que se poidan presentar alegacións.

Simultaneamente anúnciase o concurso, aprazándose a licitación se se producisen reclamacións ó prego.

#### ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Concello de Poio.
- b) Dependencia: Contratación (Secretaría).

#### OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Descripción: A contratación da execución das obras incluídas no proxecto indicado.

#### TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO, E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) Tramitación ordinaria.
- b) Procedemento aberto.
- c) Forma: concurso.

#### TIPO DE LICITACIÓN:

94.690,09 € (IVE incluído).

#### DURACIÓN DO CONTRATO:

Tres meses.

#### GARANTÍAS:

Definitiva por importe do 4% do tipo.

**INFORMACIÓN PARA OBTENCIÓN  
DE DOCUMENTACIÓN:**

- a) Entidade: Concello de Poio: Servicio Contratación. Domicilio: Praza do Mosteiro, 1. Poio; Telf. 986 770 001, fax 986 771 277.
- b) Data límite para obtención documentos e información: día anterior ó de remate de presentación de ofertas.

**PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN:**

No Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 13,30 horas, durante o prazo de vinteséis días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

**APERTURA DE PROPOSICIÓN:**

Pola Mesa de contratación, no Salón de Sesións da Casa do Concello, ás 13,30 horas do terceiro día seguinte hábil, que non cadre en sábado, ó do remate do prazo de presentación de ofertas.

**GASTOS:**

Por conta do adxudicatario (cláusula 20<sup>a</sup> do prego).

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

Indicados na cláusula 9<sup>a</sup> do prego.

Poio, a 16 de xullo de 2002.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

5635

\* \* \*

## O ROSAL

### A N U N C I O

Aprobada definitivamente a ordenanza reguladora da taxa sobre adquisición de nichos no cemiterio municipal realizase a correspondente publicación a efectos da súa entrada en vigor:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE  
ADQUISICIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO  
MUNICIPAL**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de O Rosal establece a Taxa por prestación de servicios de cemiterios, a que se refire o artigo 20.4 p) da Lei 39/88, que atenden ó previsto no art. 58 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA  
DE CONTRIBUIR.**

1. Constitúe o feito imponible a primeira concesión, transmisión e prórroga de nichos no Cemiterio Municipal de Eiras.

2. A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a prestación dos servicios sometidos a gravame, entendéndose a tales efectos, que se inicia a prestación cando se concede por acordo de Comisión de Goberno.

**ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión.

2. Son responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.**

Só serán de aplicación aqueles beneficios fiscais que estean recoñecidos en norma con rango de lei ou en tratados internacionais validamente celebrados.

**ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.**

1. A débeda tributaria se determinará polo sistema de cota fixa.

2. Nas transmisións inter vivos a título oneroso no Cemiterio de Eiras, constituirá a base imponible o prezo sinalado nesta ordenanza.

**ARTIGO 6. TARIFA XERAL.**

1. Concesións:

1.1. Pola concesión de un nicho no Cemiterio Municipal de Eiras: 601,00 euros.

2. Cambios de titularidade de nichos en Cemiterio municipal cando proceda a súa autorización.

Nos cambios de titularidade na concesión inter vivos a título oneroso, aplicarase o tipo do 20% sobre o prezo fixado no título mediante o que se efectúa a transmisión.

Transmisións a título gratuito:

2.1 Dun nicho:

2.1.1. Por doazón en favor de herdeiros lexítimos: 100 euros.

2.1.2 Por outras doazóns: 200 euros.

2.1.3 Por herданza: 25 euros.

2.1.4 Por renuncia en favor dos cotitulares: 25 euros.

**ARTIGO 7. NORMAS COMPLEMENTARIAS.****1. Comúns.**

- a) Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foron obxecto de autorización e pago de dereitos, aboarase a cantidade íntegra que resulte da liquidación de tódalas transferencias anteriores de acordo coas tarifas establecidas pola Ordenanza actualmente vixente.
- b) En caso de desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostenta a súa titularidade, que cause un estado de ruina ou abandono, que produza perigos ou desmereza o necesario ornato e aspecto do lugar, o Concello poderá proceder á demolición ou á retirada de cantos obxectos se encontren deteriorados ou en mal estado, sen que poida esixírselle resarcimento ou indemnización algúnha en tal concepto.
- c) O Concello poderá declarar a caducidade, revertendo á Entidade Local a plena disponibilidade dun nicho no caso de que se encontre en estado ruinoso a construción.

A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no que se dará audiencia a quen apareza como titular do derecho. En caso de non ser coñecido o seu domicilio publicarse o correspondente Edicto no B.O.P., outorgando un prazo de trinta días hábiles para efectuar a comparecencia e poñerse ó corrente das débedas tributarias existentes ou efectuar a reparación que proceda.

Declarada a caducidade de acordo co establecido no parágrafo anterior, o Concello poderá dispor da mesma unha vez que se trasladen os restos aó osario.

2.—O prazo de concesión dos lugares de enterramento será de cincuenta anos.

**ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. A solicitude de concesión de nichos formulárase na correspondente instancia, segundo modelo oficial, que se facilitará nas oficinas municipais.

2. Inicialmente, e se existen unha pluralidade de nichos dispoñibles, mediante Bando da Alcaldía abrirase un período de solicitude para todos os interesados na adquisición da concesión.

I.—Se o número de interesados é inferior ó numero de nichos dispoñibles, a concesión realizarase directamente mediante acordo da Comisión de Goberno.

II.—Se o número de solicitudes é superior ó numero de nichos dispoñibles, terán preferencia as persoas empadroadas no termo municipal de O Rosal, e no seu caso realizarase un sorteo entre

elas, establecéndose no seu caso unha lista de espera.

III.—En caso de que continúen existindo nichos vacantes estes adxudicaranse por acordo da Comisión de Goberno por orde de rexistro de entrada da solicitude.

**ARTIGO 9. INFRACCIONES E SANCIONES TRIBUTARIAS.**

En materia de cualificación das infracciones e de sanción das mesmas, se estará ó disposto nos artigos 77 e ss. da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza consta de nove artículos entrando en vigor ó día seguinte ó da súa ubliteración íntegra no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.

O Rosal, a 16 de xullo de 2002.—O Alcalde, Jesús María Fernández Portela. 5732

\* \* \*

**CALDAS DE REIS****A N U N C I O**

A Comisión de Goberno en sesión extraordinaria de data 5 de xullo de 2002, aprobou o expediente de contratación da obra “Saneamiento en Saiar”, incluída no POL-2002/2003, convocando concurso con procedemento abierto e tramitación urxente, según o seguinte cadre, de características:

**CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO****1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA**

Concello de Caldas de Reis.

**2.—OBXECTO DO CONTRATO**

“Saneamiento en Saiar” POL 2002/03.

**3.—PRAZO DE EXECUCIÓN**

Catro meses.

**4.—TRAMITACIÓN**

Concurso con procedemento abierto e tramitación urxente.

**S.—TIPO DE LICITACIÓN**

Doscientos trece mil setecentos vinte e oito euros con setenta e oito céntimos (213.728,78).

**6.—GARANTÍAS**

Provisional: 2% 4.274,58 euros.

Definitiva: 4% 8.549,16 euros.

**7.—CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

Grupo E, Subgrupo 1, Categoría C.

**8.—PRESENTACIÓN DE OFERTAS**

- a) Data límite de presentación: durante o prazo de trece días naturais contados dende o seguinte ó da publicación no B. O.P.
- b) Documentación a presentar: A especificada no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

**9.—LUGAR DE PRESENTACIÓN**

Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis.

**10.—APERTURA DE OFERTAS**

As trece horas do quinto día hábil seguinte ó de remate de presentación de proposicións.

**11.—GASTOS DE ANUNCIOS**

Serán por conta do adxudicatario.

**12.—PREGO**

E de aplicación o prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexear la contratación de obras mediante concurso con procedemento aberto e tramitación urxente aprobado polo Pleno da Coporación en sesión de data 26 de abril de 2002 (BOP nº 95 de data 21 de maio de 2002).

En Caldas de Reis a 9 de xullo de 2002.—O Alcalde, José M<sup>a</sup> Tobío Barreira. 5585

\* \* \*

**RODEIRO****A N U N C I O**

Aprobado pola Comisión de Goberno en sesión do día 24.06.02 o prego de cláusulas económico-administrativas para a contratación por concurso da adquisición do subministro que de seguido se sinala, exponse ó público polo prazo de catro días contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no B.O.P., ó obxecto de exame e reclamacións.

Asemade anúnciase concurso público, se ben a licitación aprazarase no suposto, de que se formulen reclamacións contra o prego de cláusulas.

**1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA**

- a) Organismo: Concello de Rodeiro.
- b) Dependencia: Secretaría.
- e) Expediente: 01/02.

**2.—OBXECTO DO SUBMINISTRO**

- a) Denominación: Adquisición da seguinte maquinaria para mantemento de estradas municipais:
  - 1) Tractor agrícola de segunda man.
  - 2) Desbrozadora de brazo para tractor.
  - 3) Pala dianteira para tractor.
  - 4) Remolque 8000 kg. Basculante.
  - 5) Varredora autopropulsada.
  - 6) Cortacésped autopropulsado.
- b) Prazo de entrega: un mes.

**3.—TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

**4.—PRESUPOSTO BASE DA LICITACIÓN**

- a) Importe total: 63.106,27 euros.

**5.—GARANTÍAS**

- a) Provisional: 2% do presupuesto base.
- b) Definitiva: 4% do prezo da adxudicación.

**6.—OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**

- a) Entidade: Concello de Rodeiro.
- b) Domicilio: Praza da Fonte s/n.
- c) Localidade: 36530 Rodeiro.
- d) Teléfono: 986 790 009.
- e) Fax: 986 790 195.

**7.—PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**

- a) Data límite de presentación: vixesimo sexto día seguinte ó da publicación do presente anuncio no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A que figura no prego de condicións.
- c) Lugar de presentación: O indicado no apartado sexto.

**8.—APERTURA DAS PROPOSICIÓN**

- a) Lugar: O indicado no apartado sexto.
- b) Data: Terceiro día hábil seguinte, agás sábado, ó da finalización do prazo de presentación de proposicións.
- c) Hora: 12,00 h.

Rodeiro, a 31 de xullo de 2002.—O Alcalde, Elio-se Diéguez García. 5976

## E D I C T O

Sendo aprobado de forma definitiva o Regulamento do Servicio Municipal de Abastecemento Domiciliario de Auga Potable no Concello de Rodeiro, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, publícase como Anexo o texto íntegro do mesmo, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da devandita Lei 7/1985.

Rodeiro, 29 de xullo de 2002.—O Alcalde, Eliseo Diéguez García.

## A N E X O

### **REGULAMENTO DO SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DE RODEIRO (PONTEVEDRA)**

#### CAPÍTULO I

##### **Normas xerais**

###### *Artigo 1. Obxecto.*

1. O obxecto do presente regulamento é a regulación do servicio municipal de subministro domiciliario de auga potable no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra).

2. Ós efectos de simplificación, no presente regulamento denominase "aboados" a calquera usuario, persoa física ou xurídica, que teña contratado o servicio de augas.

3. Entenderase por "entidade subministradora" quen efectivamente preste o servicio de subministro domiciliario de auga potable.

###### *Artigo 2. Forma de xestión e titularidade do servicio.*

1. O servicio de subministro de auga potable do municipio de Rodeiro seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servicio público municipal do Concello de Rodeiro.

2. O Concello de Rodeiro poderá presta-lo servicio de subministro domiciliario de auga potable mediante calquera das formas previstas no dereito; poderá estructura-lo servicio e dará publicidade da súa organización sexa cal sexa a forma de prestación elixida, de acordo co establecido na lexislación vixente na materia.

3. Os servicios a que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ó control do Concello de Rodeiro, quen poderá revisar os traballos realizados pola entidade subministradora, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos mesmos.

###### *Artigo 3. Obrigacións da entidade subministradora.*

Corresponde á entidade subministradora, cos recursos ó seu alcance:

- a) A conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións existentes destinadas a subministro de augas e das que sexan executadas pola entidade local, o Estado, a Xunta de Galicia u outras administracións, unha vez se produza a súa entrega ó Concello de Rodeiro e a adscrición ós citados servicios.
- b) A tramitación e execución de acometidas de subministros de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e teñan sido aprobadas pola corporación municipal.
- c) Subministrar auga ós usuarios, garantindo a súa potabilidade de conformidade coas disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do aboados).
- d) A entidade subministradora deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestructuras municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscritoindo unha póliza de seguros axeitada.
- e) Informar ós aboados, sempre que sexa posible e polos medios axeitados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no contrato de subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.
- f) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.
- g) Aplica-los prezos e cadros de tarefas correspondentes ós distintos tipos de subministro que, en cada momento, se teñan aprobadas.

###### *Artigo 4. Dereitos e potestades da entidade subministradora.*

A entidade subministradora terá os dereitos e potestades que lle outorgue as disposicións legais e regulamentarias aplicables e, con carácter xeral, terá os seguintes:

- a) Inspeccionar, revisar e informar as instalacións interiores de subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servicio.
- b) Percibir nas súas oficinas, por xestión delegada, ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos aboados, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar ós aboados e usuarios polas prestacións que teña realizado a entidade subministradora.

*Artigo 5. Obrigacións do aboado.*

Son obligacións do aboado:

- a) Todo aboado verá obrigado abonar puntualmente os cargos que a entidade subministradora lle formule de conformidade cos prezos e tarefas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servicios complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigatoriedade do pago íntegro dos consumos de auga se considerará extensiva ós casos en que os mesmos se haxan orixinado por fuga, avería, ou defecto de construcción ou conservación das instalacións interiores, o por calquera outra causa non imputable á entidade subministradora.

- b) Respectar as instalacións que integran a infraestructura dos servicios, redes de distribución de auga potable e acometidas correspondentes, como bens de servicio público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas por persoal non autorizado.
- c) Proporcionar á entidade subministradora os datos interesados pola mesma, en relación co contrato de subministro e as variacións que poidan presentarse.
- d) Manter a súas instalacións de forma que no se produzcan perturbacións nas redes públicas de subministro, e utilizar de forma correcta ás instalacións do servicio, adoptando as medidas necesarias para conservar as mesmas na forma axeitada, mantendo intaclos os precintos que garanten a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de acometida, e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.
- e) Os aboados deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicar asemade á entidade subministradora calquera avería ou perturbación (fugas, perdidas de presión, verquidos incontrolados, etc.) que, ó seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública o nas instalacións privadas.

Igualmente, deberán notificar á entidade subministradora as manipulacións nas redes o os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas o u bens.

- f) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, ás persoas autorizadas para o desenrollo dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.
- g) Os aboados no poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuitamente ou remuneradamente auga a terceiros , xa sexa con carácter

permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza no seu subministro, ben por si ou por persoa que del dependa.

- h) Os aboados están obrigados a solicitar da entidade subministradora a autorización pertinente para calquera modificación na súas instalacións que implique modificación no número de receptores ou cambio no uso do auga.
  - i) Cando o aboado deseche causar baixa no subministro, estará obrigado a interesar da entidade subministradora dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e facturar o consumo correspondente.
  - j) Cando nunha mesma finca, xunto á auga do servicio municipal, existira auga doutra procedencia, o aboado verá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evita-la entrada desas augas na rede xeral.
- A entidade subministradora no se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores, advertindo ós aboados da responsabilidade na que poidan incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da tráida pública.
- k) O aboado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, intransferible a terceiras persoas, non poderá:
    1. Insertar nas canles de subministro, sen previa autorización da entidade subministradora, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno e, consecuentemente, interfiriran co servicio prestado a outros aboados.
    2. Revender ou ceder, incluso a título gratuito, a auga subministrada pola entidade subministradora.
    3. Modifica-los accesos ós contadores e aparatoss de medida, sen comunicación á entidade subministradora.
    4. Utilizar auga do servicio público para fins distintos ós contratados.
    5. Manipula-las instalacións interiores ou xerais, nin instalar elementos nelas.
    6. Realizar consumos de auga que no sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitisen eses consumos.
    7. Ocasional voluntariamente ou por conducta negligente fugas de auga.
    8. Romper ou alterar os precintos de medida.

*Artigo 6. Dereitos do aboado.*

Serán derechos dos aboados:

- a) Recibir na súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade e condicións hixiénico-sanitarias establecidas nas disposicións legais aplicables.
- b) Dispoñer permanentemente do subministro de auga potable, de conformidade coas condicións que figuren no contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.
- c) Ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servicio en relación ó seu subministro, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedimento.
- d) A que se lle facturen os consumos coas tarefas vixentes.
- e) Subscribir un contrato ou póliza de subministro, suxeito ás garantías da normativa establecida.

*Artigo 7. Garantías do correcto funcionamiento do servicio.*

1. Toda persoa física que, no nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamacións polo que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Rodeiro.

2. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servicio, o reclamante deberá acreditar a condición de aboado e estar ó día no pago dos recibos correspondentes.

Contra as resolucións adoptadas nas reclamacións formuladas, poderá utilizar o reclamante os recursos legais pertinentes.

## CAPÍTULO II

### Subministro de auga e póliza de abono

*Artigo 8. Subscricion de póliza.*

Se denomina póliza de abono ó contrato suscrito entre a entidade subministradora e o aboado, que inclúe os terminos e condicións pactados para o subministro de auga potable. Á solicitude de subministro, o peticionario achegará a documentación seguinte:

Con carácter xeral:

- \* Boletín de instalador autorizado, visado pola delegación provincial competente en materia de industria.
- \* Documento que acredite a personalidade do contratante.

- \* Informe da entidade subministradora, si é distinta ó Concello.
- \* Con carácter específico:
- \* Obras: licencia de obra
- \* Comercio o industria: fotocopia da licencia de apertura de establecemento.

Nos casos na que estea constituída comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral.

No se subscribirá contrato de subministro a ningún usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fora a situación do novo subministro solicitado.

Baixo ningún concepto se farán concesións gratuitas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, o no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumplan tódolos requisitos de este regulamento.

*Artigo 9. Condicións.*

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable deberá presentarse, de forma independente, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha das satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Se considerarán unidades de edificación independentes os edificios dun solo portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dun subministro de auga por outra finca o propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertenzan ó mesmo dono. No caso de segregacións, divisións ou acumulacións, aínda que non estiveran rexistradas oficialmente, deberán comunicarse estas circunstancias á entidade subministradora, para a modificación das condicións de acometida e, no seu caso, da póliza de servicio.

*Artigo 10. Servicio a urbanizacións.*

1. As extensións das redes de subministro para edificacións novas ou antigas que non a posúan serán a cargo do aboado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de subministro propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxección ó correspondente proxecto técnico necesaria-

mente aprobado polo Concello, e previo informe favorable de a entidade subministradora, no seu caso.

3. Os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións ou polígonos aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación o ampliación de infraestructura viaria e de servicios, tanto si as obras se realizan para conexión entre as distintas parcelas ou soares nos que se diveda o terreo, como si se executaran para unir a urbanización ou polígono con outra zona xa urbanizada e con servicios.

4. O permiso de acometida de subministro para o polígono ou urbanización, así como para os soares e inmobilés ubicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- \* Os esquemas das redes interiores de distribución, así como as demais instalacións relacionadas, deberán haber sido aprobados pola entidade subministradora do servicio e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas que teña previsto, a tales fins, a entidade subministradora.
- \* As obras e instalacións previstas no proxecto aprobado e as modificacións que, convenientemente autorizadas pola entidade subministradora, sexan introducidas posteriormente, se executarán igualmente por conta do promotor ou propietario, e sempre baixo a dirección de un técnico de este último.
- \* A entidade subministradora poderá esixir, tanto durante o desenrollo das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

5. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de subministro nos posibles edificios, soares o parcelas da mesma, o cal é competencia exclusiva da entidade subministradora.

6. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada pola entidade subministradora, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e se executarán sempre pola entidade subministradora e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

7. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo Concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, a súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servicios de subministro e saneamento.

A rede da urbanización poderá seguir sendo privada no caso de colocación dun contador xeral á entrada da mesma con tantos mínimos e/o cotas de servicio e mantemento como vivendas e puntos de consumo da comunidade como haxa na urbanización, ou pasará a propiedade municipal no caso de que se queira a colocación de contadores individuais en cada unha das vivendas e puntos de consumo comunitarios.

Poderase denega-la solicitude de acometida ou acometidas as súas rede polas causas o circunstancias seguintes:

- a) Por falta de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- b) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas.
- c) Cando algunha parte das instalacións xerais debe discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade o no se adquirira a franxa de terreo afectada.
- d) Cando a presión no punto de acometida de subministro sexa insuficiente para un correcto servizo, e no se teñan instalado, a cargo do aboado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

A entidade subministradora poderá, si o aboado o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión, termino este que quedará debidamente reflectado no contrato.

- e) Cando a presión no punto de acometida de subministro sexa excesiva para un correcto servizo, e no se teñan instalado, a cargo do aboado, as medidas de reducción de presión adecuadas.

#### *Artigo 11. Acometidas temporais.*

1. Excepcionalmente, a entidade subministradora poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras.

Estas tomas concederanse sempre en precario, rixíndose polas mesmas condicións xerais establecidas, mais as que se poidan determinar particularmente para este caso.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida

de obra. Ó finalizar as obras, o constructor comunicará este feito á entidade subministradora e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rixándose o subministro polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ó carácter e finalidade do mesmo.

3. Ata a firma das pólizas definitivas do servicio, manterase en vigor a póliza do servicio provisional para obra, sendo o constructor o solicitante autorizado o responsable de abonar toda a auga consumida, a quen se lle facturará a tarifa de obra, independentemente do uso que houbera tido.

#### *Artigo 12. Suxeitos do contrato.*

1. O contratante do subministro será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concesionario, no caso de incumplimento do contrato de subministro e saneamento por parte do inquilino.

2. No poderá ser aboado do subministro de auga quen, tendo sido con anterioridade para outra finca, local ou industria, fose penalizado con suspensión de subministro o resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a no ser que satisfaga integralmente as súas anteriores obligacións, co recargos, intereses e gastos a que houbera lugar.

3. Toda acometida se destinará exclusivamente ós usos para os que houbera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o aboado previamente á entidade subministradora calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario ou aboado titular do contrato de subministro, ambos deberán comunicar fehacientemente, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministro foran os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario a que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar ó seu nome.

Se houbera modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministro, o novo propietario se entenderá inexcusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario

en relación cos incumplimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar á entidade subministradora os inquilinos do inmoble, cando non os houbera asumido estes.

6. Nos casos en que o solicitante dos servicios sexa unha comunidade de propietarios, so poderá contratar os mesmos seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos en que se soliciten os servicios para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licencia municipal.

#### *Artigo 13. Altas e baixas na prestación do servicio.*

Toda alta no servicio será obxecto de solicitude do interesado, e suscripción da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do trimestre no que comence o disfrute do servicio e coa facturación correspondente ó semestre completo.

Cada vez que se produza unha alta se pagarán as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal.

As baixas se solicitarán polo titular do contrato subscrivindo a correspondente solicitude e previa comprobación e pago de os recibos pendentes e do semestre en que se solicita a baixa, se pasará orden para corte de subministro e precintado da chave de paso.

#### *Artigo 14. Tipos de subministros.*

A prestación do servicio se clasificará segundo o especificado na ordenanza fiscal por os tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

1. Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.

Se aplicará esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servicios de calquera tipo.

2. Usos comerciais. Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza o hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servicios.

3. Usos industriais. Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.

Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubes sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizará o servicio municipal ou os laboratorios autorizados ó efecto, se determinara unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrera o actuante.

4. Usos municipais. Son aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais.

5. Uso para obras. Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

6. Usos especiais. Se consideran subministros especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

#### *Artigo 15. Causas de suspensión do servicio.*

1. Para a suspensión do servicio de subministro a un aboado a entidade subministradora deberá seguir os trámites legais previstos ó efecto.

2. A entidade subministradora poderá suspender o servicio de subministro a un aboado nos seguintes casos:

- a) Se non satisface, puntualmente, o importe dos servicios conforme ó estipulado na ordenanza fiscal.
- b) Por falta de pago, das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude o no caso probado de reincidencia no mesmo.
- c) En todos os casos en que o aboado empregue a auga que se lle subminstre en forma o para usos distintos dos contratados.
- d) Cando o aboado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servicio.
- e) Cando o aboado non permita a entrada no local a que afecta a póliza de servicio, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado pola entidade subministradora, trate de revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas, o en presencia de algúns axentes da autoridade.
- f) Por neglixencia do aboado respecto á reparación de averías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.
- 3. Os gastos orixinados por o restablecemento serán por conta do aboado, que no recuperará o servicio ata que proceda ó seu pago.

#### *Artigo 16. Reservas de auga.*

1. A entidade subministradora poderá establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restriccións por sequía, catástrofes

ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento o distribución de auga, utilizando seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, e, comunicando as medidas adoptadas, se informará ás autoridades competentes e se comunicará a través dos medios de difusión más axeitados. Deberá informar prioritariamente destas medidas, a súa previsible duración e das razóns que levaron a adoptalas, sen prexuízo da normativa xeral de seguridade civil que sexa de aplicación.

2. Os aboados que prevean utilizar a auga para alimentar aparatos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción o diminución de presión en subministro, en tódolos locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inexcusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas e bens, e, especialmente, en centros de saúde, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do servicio, sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector.

Igualmente as industrias nas que o auga representa un elemento indispensable no proceso de producción ou conservación de productos deberán dispoñer de depósitos de reserva, de forma que quede asegurado o seu autosubministro mínimo durante, a lo menos, 24 horas.

O prestador do servicio quedará exonerado de responsabilidade civil en estos casos, que polas súas características especiais deberán proverse de medios de reserva.

3. A entidade subministradora no será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falla de subministro motivada por averías ou pola anormal manipulación da rede.

#### *Artigo 17. Garantías do correcto funcionamento.*

1. En tódolos os edificios que por albergar un alto número de usuarios, a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto subministro, estarán obrigados á instalación dun grupo elevador e depósito que garanten o subministro regular a tódalas vivendas ou locais da finca.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios axeitados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desague e tubo de ventilación.

O desague do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva se conectarán obligatoriamente ó tramo de acometida interior, e dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

#### *Artigo 18. Instalación interior.*

1. Se entende por instalación interior de subministro a comprendida a partires da chave de rexistro da acometida. Quedará incluído o contador como parte da instalación interior.

2. O propietario dun edificio será responsable das averías que se produzán na instalación interior.

3. O propietario realizará, ó seu cargo, con a maior rapidez que lle sexa factible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das averías que se presenten a partir da chave de rexistro. A entidade subministradora procederá ó corte de subministro ata que se teña efectuado a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de reanuda-lo servicio.

4. Si, a xuízo da entidade subministradora ou de técnico competente, se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, a entidade subministradora poderá suspender o subministro de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. En este caso, como en aqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, a entidade subministradora poderá repercutir no abordo os gastos en que se incorrera, debidamente xustificados.

#### *Artigo 19. Sistemas contraincendios.*

1. A conexión á rede pública de subministro das acometidas para sistemas contra incendios esixirá a firma dun contrato específico entre o concesionario e o abordo.

2. Dicho contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescripcións reguladas por aqueles. A utilización da rede contra incendios será únicamente con ese fin.

3. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas por persoal da entidade subministradora, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De non haber sido utilizadas na extinción dun incendio, o abordo debe poñelo en coñecemento, no seu caso, da entidade subministradora a fin de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas.

4. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca en que se instala e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

5. Nas instalacións contra incendios, non se instalará contador nin se xerará cargo alguno derivado do maior o menor consumo de auga. De ser ne-

cesaria a utilización das bocas de incendio, se facultará exclusivamente por o concepto de disponibilidade do servicio e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento.

#### *Artigo 20. Bocas de rego o hidrantes.*

1. Para a execución de obras de urbanización e de aquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas o bens de dominio público, a entidade subministradora poderá autorizar o uso do auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

2. Cando o solicitante sexa o contratista de a obra, deberá constituir previamente ante a entidade subministradora para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó doble do valor de reposición da boca de rego ou hidrante.

A constitución deste depósito e o dereito a utilizar a auga por estos medios quedará reflexado nun acordo específico. O depósito será devolto ó contratista, una vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, se non se houberan producido danos.

3. Salvo os casos previstos nos anteriores números de este artigo, a utilización das bocas de rego o hidrantes só estará permitida ós servicios públicos de extinción de incendios e a outros servicios municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzán pola utilización de aquellas.

### CAPÍTULO III

#### Servicio de subministro

##### 1. Acometidas.

#### *Artigo 21. Acometidas de subministro e clandestinas.*

a) Entendese por acometida de subministro, o ramal que, partindo dunha canle de distribución, conduza a auga ó pe do edificio ou ó límite da propiedade que se desexa abastecer. Esta acometida comprende dende o colarín de toma na canle xeral ata a chave de rexistro situada na arqueta de rexistro ó pe da edificación. Estará formada por una canle única de características específicas segundo o caudal e presión da auga a subministrar.

b) No caso de execución de acometidas clandestinas, por parte do propietario, se suspenderá o servicio ata que teña a autorización correspondente e unha vez aprobada abonará os custos totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

c) Se denomina rede de distribución de auga potable ó conxunto de canles, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuír a auga a pobación.

*Artigo 22. Novas acometidas ou ampliacións.*

Toda persoa que desexe acometida de subministro de auga potable, fará unha solicitude á entidade subministradora, a cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión e posterior aprobación polo Concello, trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal.

Normalmente existirá unha acometida para dar servicios a unha obra, edificio, portal o inmoble. Pero si un inquilino ou arrendatario de parte do inmoble desexara subministro especial ou independente existindo causa xustificada, a xuízo do servizo, poderá contratar a instalación dunha derivación ou acometida, independentemente da existente con anterioridade para todo o inmoble.

*Artigo 23. Subministro a una urbanización.*

No caso de solicitude de subministro a una urbanización privada poderá facerse de dos modos distintos:

- \* Si os propietarios da urbanización desexan que a rede xeral interior siga sendo privada, se lle instalará un contador xeral no límite da rede municipal e se lle facturará ó nome da comunidade o importe da lectura do mesmo, con tantos mínimos e/o cotas de servicio e mantemento como vivendas e puntos de consumo comunitario existan no interior da urbanización.

En este caso, tódalas averías que se produzan a partires do contador xeral serán por conta da comunidade.

- \* Si queren instalar contadores individuais de consumo, terán que ceder a rede xeral que pasará a ser de propiedade municipal e aplicándose a cada vivenda o especificado neste regulamento, procedéndose por parte dos aboados á instalación das acometidas individuais e os contadores correspondentes, así como os de os consumos comunitarios que serán facturados á comunidade.

## 2. Contadores.

*Artigo 24. Contadores.*

1. Os contadores ou medidores de caudais de subministro de auga potable serán de os tipos aprobados e verificados polas delegacións de industria u organismos competentes.

*Artigo 25. Colocacion, substitución e reparación.*

1. A colocación e instalación de contadores se realizará exclusivamente polo abonado sendo ó seu cargo o custe exclusivo de dita instalación.

2. A substitución ou reparación dos inutilizados ou averiados polo seu normal uso ou antigüidade corresponderá asemade ó abonado.

3. A substitución o reparación dos contadores inutilizados ou averiados por outras razóns diferentes ás de seu uso normal (xeadas, actos vandálicos, etc.), serán por conta do aboado,

*Artigo 26. Modalidades.*

1. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial (independente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calesquera servicios) disporá dun contador individual.

2. Cando nun mesmo edificio exista mais dun usuario, cada un deberá ter contador independente.

No caso de comunidade de propietarios con contador xeral, o mínimo de abono obligatorio, será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cotas como número de vivendas ou locais constitúan a comunidade, incluídos os subministros a servicios propios da mesma. A comunidade de propietarios será a responsable do pago do recibo correspondente. O contador, que estará verificado pola Delegación de Industria, será propiedade do aboado.

Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministro (doméstico, industrial, hosteleiro, etc.), instalaranse contadores independentes para cada un dos usos, pero si debido a esixencias técnicas, soamente se poida instalar un, o consumo total se tarifarán con arreglo á tarifa más alta correspondente a os englobados no contador único.

No se permitirá extender unha mesma concesión a varias fincas o edificacións, aínda no caso de estar contiguas e pertencer ó mesmo dono.

Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á finca de que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas se situarán nun compartimento ou caixa, mediante o sistema chamado de batería ou similar, de tal forma que o empregado lector do Servicio poida libremente anotar as indicacións de tódolos os contadores nun so acto.

*Artigo 27. Lectura.*

O aboado estará obrigado a facilitar o acceso ó contador ó persoal da entidade subministradora.

A lectura dos contadores pola entidade subministradora deberá facerse nun período comprendido entre as nove e as vinte horas.

*Artigo 28. Revisión dos contadores.*

No caso de que un aboado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo contador, poderá solicitar a súa revisión á entidade subministradora. No caso de verificación de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o propo-

ñente sexa o aboadoo, a entidade subministradora procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nos porcentaxes de desviación detectados, correspondentes ós tres meses anteriores ó momento da petición de verificación polo aboadoo.

Si o aboadoo non estivese de acordo coa comprobación realizada pola entidade subministradora poderá solicitar da Delegación de Industria a verificación correspondente.

#### *Artigo 29. Contadores divisionarios.*

##### *Colocación e retiro.*

1. O aboadoo poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

2. A entidade subministradora se guiará, sen embargo, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do servicio, no vendo obrigada a aceptar as reclamacións que se apoién en lecturas dos contadores instalados polo abonado.

#### *Artigo 30. Periodicidade.*

1. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados da entidade subministradora, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do aboadoo.

2. A lectura e facturación de consumos se farase semestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade da entidade subministradora, no fose posible a lectura do contador do aboadoo, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando no buzón de correos do aboadoo o similar unha tarxeta na que reflexará esa circunstancia e na que o aboadoo poderá reflexar a lectura efectuada por el mesmo.

O aboadoo deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumplimentado antes de os seis días seguintes á data entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos pola entidade subministradora con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como si o consumo fose cero en ese período e sen que dea lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

## CAPÍTULO IV Régimen económico

### 1. Facturación cobro e información.

#### *Artigo 31. Determinación do consumo.*

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado se concretará pola diferencia entre as lecturas de dos períodos consecutivos de facturación. O importe de a facturación se calculará de acordo coa ordenanza fiscal vixente.

#### *Artigo 32. Avería.*

1. Cando no sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avería no equipo de medida, a facturación do consumo se efectuará de conformidade ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de no existir referencia, se liquidarán as facturacións de conformidade á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. En aqueles casos nos que no existan datos históricos para obter o promedio ó que se alude no párrafo anterior, se facturará a cota mínima semestral.

#### *Artigo 33. Precintado.*

1. E obligatorio o precintado de tódolos aparatos de medida, en canto a que as súas lecturas serven de base para a liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:

- a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.
- b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.
- c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que pudera alterar o seu bo funcionamento.

2. O aboadoo nunca poderá manipular o aparato de medida nin o seu precinto.

#### *Artigo 34. Conservación do aparato de medida.*

E obligación do aboadoo a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se sitúa, así como do acceso ó mesmo.

#### *Artigo 35. Impostos.*

Os impostos, taxas, arbitraxes, dereitos, tributos o gastos de calquera clase, establecidos ou que poídan establecerse polo Estado, provincia, municipio o calquera administracións públicas, que graven de alguma forma, ben a documentación que sexa necesario formalizar para subscribir un contrato de subministro, ou ben o subministro en se mesmo, así como calquera outra circunstancia relacionada con este, serán por conta do aboadoo.

#### *Artigo 36. Facturación do servicio.*

1. O aboadoo deberá facer efectivo os importes facturados pola a entidade subministradora polo procedemento e nos prazos que regulamentariamente se establezan, preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria con oficina aberta no termino municipal ou, no seu defecto, nas oficinas da entidade recaudatoria do Concello en días hábiles e en horario de oficina.

2. En caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó aboadoo, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos

que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

Dúas devoluciones consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria. Pasado o período voluntario sen facer efectivo o correspondente recibo, esto será causa de iniciación do expediente de suspensión de subministro, sen prexuízo que o importe impago quede incluído en procedemento de conxinximento.

Para os casos de morosidade no abono dos recibos, o Concello poderá acordar o corte de subministro.

No caso de rotura de precintos por parte do aboado, este feito será notificado mediante o expediente correspondente, e o infractor será penalizado cunha sanción igual ó importe do subministro correspondente a 12 meses polo mínimo de consumo e o importe da cota de servicio na tarifa contratada.

Os recibos de cobro do subministro serán emitidos pola entidade subministradora ou organismo delegado.

#### *Artigo 37. Información das facturas.*

O aboado poderá obter da entidade subministradora calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarefas aplicadas e, en xeral, sobre toda cuestión relacionada co subministro que se teña xerrado no período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

#### *Artigo 38. Reclamacións na facturación.*

1. O aboado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos á entidade subministradora. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que teña provocado o erro.

2. Cando o aboado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos da reclamación, e se acompañarán á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.

3. A entidade subministradora queda obrigada a resolver a reclamación á maior brevidade.

4. A entidade subministradora está autorizada para vixiar as condicións e formas en que os aboados utilizan o servicio de subministro e saneamento.

#### *Artigo 39. Baixa no subministro.*

Cando o aboado desexe causar baixa no subministro, verá obrigado a abonar tódolos recibos pendentes e o importe total da facturación do semestre no que cause baixa.

2. Inspección e liquidación por fraude.

#### *Artigo 40. Inspección.*

1. A actuación dos inspectores acreditados pola entidade subministradora reflexarase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflexados o nome e domicilio do aboado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados. Una copia de esta acta, asinada polo inspector, se lle entregará ó aboado.

2. Os inspectores ó efecto deberán invitar ó aboado, ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e firme o acta, pudiendo o aboado facer constar, coa súa firma, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará a tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O aboado poderá dirixirse, posteriormente, dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á entidade subministradora. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo aboado titular ou quen acredite súa representación.

#### *Artigo 41. Tipos de fraudes e liquidación.*

1. A entidade subministradora, en posesión da acta, formulará a liquidación do fraude, distingúindose os seguintes casos:

- Que non exista contrato algúnn para o subministro de auga.
- Que por calquera procedemento, fora manipulado ou alterado o rexistro do contador ou aparato de medida.
- Que fosen realizadas derivacións de caudal, permanente o circunstancial, antes dos equipos de medida.
- Que se utilice o auga para usos distintos de os contratos, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. A entidade subministradora practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

- Formularase unha liquidación por fraude que incluirá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbese correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diárias de utilización e durante o prazo de a lo menos un mes, ou ben o que medie entre a adquisición da titularidade o dereito de uso das instalacións citadas, e o momento en que haxa subsanado a existencia de fraude detectado, sen que poida estenderse, en total, a más de un período de facturación.
- Si se teñen falseado as indicacións do contador o aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que pro-

duza un funcionamento anormal do mesmo, se tomará como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar en oito horas diárias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo non exceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo teñan sido aboados polo autor do fraude.

- c) Si o fraude foi efectuado derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, de non existir contrato de suministro, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.
- d) Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida se practicará en favor da entidade suministradora, aplicando ó consumo a diferencia existente entre a tarifa correspondente ó uso real que se está dando á auga, e as que, en dito período, foron aplicadas en base ó uso contratado. Dito período no poderá ser considerado en mais dun ano.

3. En tódolos casos, o importe do fraude deducido con arreglo ós preceptos establecidos nos párrafos anteriores, estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles, debéndose consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

4. As liquidacións que formule a entidade suministradora serán notificadas ós interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamacións ante o organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita resolución, sen prexuízo das demás accións en que se consideren asistidos.

5. Toda actuación, comportamento ou conducta que incumpra a normativa de este regulamento, dará lugar á imposición de sancións ós infractores, conforme ó previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexúizos, e das responsabilidades de orden penal que procederan.

#### *Disposición adicional*

O presente regulamento aplicarase únicamente nos lugares e parroquias do Concello de Rodeiro nas que o suministro de auga se faga mediante equipos de bombeo, excluíndo norias, e existan tratamentos de potabilización ou depuración.

#### *Disposiciones transitorias*

1ª. No prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste regulamento, e en todo caso con anterioridade ó día 31 de decembro de 2002, o Concello aprobará de xeito definitivo a correspondente Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por abastece-

mento de auga potable, entrando en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

2ª. Os usuarios do servicio municipal de abastecemento de auga que non tiveran instalado o contador ou ben o instalado non se axustase ás previsiones do presente regulamento, deberán instalalo no prazo de tres meses dende a entrada en vigor do presente regulamento.

3ª. Para a subscrpción da póliza de suministro daquelas persoas que na entrada en vigor deste regulamento estean xa disfrutando do servicio, non será precisa a presentación da documentación esixida no artigo 8 e bastará con acreditar por calquera forma admitida ó disfrute actual do servicio.

4º. Asemade, aqueles aboados que se lles estea prestando o servicio e disponan do correspondente contador homologado, quedarán exceptuados do cumprimento da normativa de situación do contador no exterior da vivenda, se ben deberán adaptarse as súas previsiones no caso de efectuar calquera modificación o substitución do mesmo, así como de obras na vivenda que afecten á situación do contador.

#### *Disposiciones finais.*

1. Para o non previsto neste regulamento, estarese ó establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral aplicables sobre a materia.

2. O presente regulamento entrará en vigor unha vez que sexa publicado integralmente no Boletín Oficial de a Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.—O Alcalde, Eliseo Diéguez García.—O Secretario, José Mª Novo Ramos. 5902



## MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

### *Anuncio de licitación*

Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán na licitación, anúnciase concurso público, por procedemento abierto, para a adjudicación dos traballos da segunda fase (Plan de Acción, Plan de Seguimiento, Participación Ciudadá e Cadro de Indicadores) da implantación da Axenda 21 Local nos Concellos da Mancomunidade do Salnés. Dito Prego queda exposto ó público polo prazo de oito días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no B.O.P., ós efectos de presentación de reclamacións. No suposto de que se formularen reclamacións contra o mesmo, suspenderíase a licitación, circunstancia que se faría pública mediante edicto.

#### *ENTIDADE CONTRATANTE:*

Mancomunidade do Salnés.

***OBXECTO DO CONTRATO:***

Adxudicación dos traballos de realización da segunda fase (Plan de Acción, Plan de Seguimento, Participación Ciudadá e Cadro de Indicadores) da implantación da Axenda 21 Local nos Concellos da Mancomunidade do Salnés.

***TRAMITACION, PROCEDIMENTO E FORMA:***

Procedemento: aberto. Forma: Concurso. Modalidade: contrato de servicios.

***TIPO DE LICITACIÓN:***

O presupuesto de licitación ascende á cantidad total de 66.500 € (sesenta e seis mil quinientos euros).

***DURACION DO CONTRATO:***

O contrato terá unha duración inicial de SEIS MESES, podendo prorrogarse, por causas xustificadas, e por acordo expreso da Comisión Xestora, ata un máximo total de nove meses.

***FIANZAS:***

Provisional: 1.330 €. Definitiva: 4% do tipo de remate do concurso.

***DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:***

Facilitarase na Secretaría da Mancomunidade (con sede no Concello de Cambados)

***PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN:***

As proposicións presentaranse no Rexistro da Mancomunidade, de 9,00 a 14,00 horas, durante os 15 días seguintes ó da publicación do correspondente anuncio de licitación no D.O.G.

A documentación presentarase en dous sobres pechados, denominados A (proposición económica) e B (documentación xeral), de acordo co establecido na Base sexta do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

***CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL:***

Concluido o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, en sesión non pública, procederá á cualificación da documentación xeral (sobre B). De observarse defectos materiais en dita documentación, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo de dous días para a súa subsanación. De conter defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables rechazará a proposición.

***CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN:***

Recóllese no punto noveno do Prego de Prescripcións Técnicas.

***APERTURA DE PROPOSICIÓN:***

O acto de apertura de proposicións, que será público, terá lugar, na Consistorial de Cambados (sede da Mancomunidade), ás 12:00 horas do día hábil seguinte ó remate do prazo de dous días establecido para subsanación de defectos materiais, se procedese.

***GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO:***

Serán de conta do adxudicatario tódolos gastos que se xeneren tanto coa tramitación do expediente (anuncios, etc.) como os preparatorios e de formalización do contrato.

***ABOO DOS TRABALLOS:***

O prezo de remate aboarase de acordo co seguinte calendario: 10% no momento da formalización do contrato; 70% á entrega dos traballos; e o 20% restante unha vez aprobados pola Comisión Xestora da Mancomunidade, previo-los informes técnicos que se coiden pertinentes.

***Modelo de proposición***

D. ...., con domicilio en ....., con D.N.I. nº ....., actuando en nome propio ou en representación de ....., con C.I.F. ...., enterado do anuncio de licitación do Concurso convocado para a realización da segunda fase (Plan de Acción, Plan de Seguimento, Participación Ciudadá e Cadro de Indicadores) da implantación da Axenda 21 Local nos Concellos da Mancomunidade do Salnés, manifesta:

1.—Que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e de Prescripcións Técnicas que rexen no citado Concurso, que acepta na súa totalidade.

2.—Declara baixo a súa responsabilidade que, como licitador, ten plena capacidade xurídica, reune os requisitos esixidos, e dispón dos medios materiais, económicos e persoais suficientes para realiza-los traballos que se licitan, non atopándose incuso en ningunha das causas de incapacidade nin de incompatibilidade para contratar, de acordo co disposto na vixente Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.—Que establece como prezo total a percibir polos servicios que se licitan, a cantidad de ..... (en número e letra).

(Lugar, data e sinatura do licitador)

(Ó pé) SR. PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. CAMBADOS.

Cambados, xullo do 2002.—O Presidente, José M. Cores Tourís. 5958

# Tribunal Superior de Justicia de Galicia

SECRETARÍA DE GOBIERNO

A CORUÑA

E D I C T O

El Pleno de la Sala de Gobierno del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en su reunión del día 5 de julio de 2002, acordó nombrar, por un período de cuatro años, Juez de Paz titular y/o sustituto de los Ayuntamientos de esta Comunidad Autónoma que más abajo se indican y para las localidades que, igualmente, se relacionan, nombramiento/s que se hace/n directamente entre los participantes en el concurso, que para cubrir tal/es plaza/s, convocó esta Sala de Gobierno últimamente, habida cuenta que por el/los respectivo/s Ayuntamiento/s de en su día, no se eligió persona alguna para el desempeño del cargo/s.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

COTOBADE: Sustituto: LUISA RODRÍGUEZ LOIS,  
con DNI 35.300.319.

Contra este acuerdo podrán los interesados presentar recurso ordinario en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente a la publicación de este Edicto para ante el Consejo General del Poder Judicial.

Los/las nombrados/as deberán tomar posesión, en el juzgado de paz para el que se les nombra ante quien se hallare ejerciendo la jurisdicción, en el plazo de 20 días naturales contados a partir del siguiente a su publicación en el Boletín Oficial de la provincia respectiva, previo juramento o promesa en la forma que establece el artículo 101.5 de la Ley Orgánica del Poder Judicial ante el Juez de 1ª Instancia e Instrucción respectivo.

Aquellos jueces de paz nombrados que estén incursos en alguna incompatibilidad deberán optar dentro del plazo de ocho días por la plaza que les interese.

A Coruña, a 15 de julio de 2002.—El Secretario del Gobierno, Vicente Fernández Riera. 5648

\*\*\*\*\*

## Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

*Cédula de notificación y citación de remate*

En los autos juicio ejecutivo 42/2001, seguidos en el Juzgado de Primera Instancia nº 6 de Vigo, se ha dictado la resolución que copiada literalmente es como sigue:

Providencia.—Magistrado-Juez, D. Miguel Ángel Narváez Bermejo.—En Vigo, a uno de julio de dos mil dos.—Dada cuenta. Por presentado el escrito que antecede, únase a los autos de su razón. Como se pide se acuerda citar de remate a los demandados por medio de edictos que se publicarán en el B.O. provincia y tablón de anuncios de este Juzgado para que en el término de nueve días se persone en los autos mediante Abogado y Procurador y se oponga a la oposición, bajo apercibimiento de ser declarados en rebeldía, haciéndoles saber que se decreta sin previo requerimiento de pago el embargo de la vivienda sita en esta ciudad, calle de Torrecedeira, número 55, planta 3<sup>a</sup> H (finca registral 64.425), y una vez conste su publicación se acordará a instancia de parte la anotación en el Registro de la Propiedad.

Contra la presente resolución puede interponerse recurso de reposición dentro de los cinco días siguientes a su notificación ante este Juzgado.

Lo acuerda, manda y firma S.S<sup>a</sup>. Doy fe.

Y para que sirva de notificación y citación de remate a Jandira Castro Padilla y Álvaro Acuña Losada, en forma, extiendo y firmo la presente en Vigo, a uno de julio de dos mil dos.—El Secretario, ilegible. 5415

\* \* \*

E D I C T O

Don José Luis Gutiérrez Martín, Secretario del Juzgado de Primera Instancia número ocho de los de la ciudad de Vigo y su Partido Judicial.

